

## Á atención do Presidente da Comisión Interuniversitaria de Galicia

Distinguido señor/a:

Dirixímonos a Vostede, para comunicarlle a nosa indignación e estrañeza nos criterios de ponderación, para a proba específica de acceso á universidade, aplicados ás materias de **Tecnoloxía Industrial II e Electrotecnia**. É inexplicable que nunha modalidade de Bacharelato que se chama **Ciencia e Tecnoloxía** se ponderen estas materias, por poñer uns exemplos, tal e como figura no enlace [http://centros.edu.xunta.es/iesames/files/parametros\\_de\\_ponderacion\\_2010\\_2011.pdf](http://centros.edu.xunta.es/iesames/files/parametros_de_ponderacion_2010_2011.pdf) e indicamos nesta táboa:

Rama	Graos pendentes de aprobación polo MEC para o curso 2010-2011	Materias de bacharelato																						
		Análise musical II	Artes escénicas	Biología	Ciencias da terra e medioambientais	Debuxo artístico II	Debuxo técnico II	Deseño	Economía da empresa	Electrotecnia	Física	Grego II	Historia da música e a danza	Historia de arte	Imaxe	Latín II	Literatura universal	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Medicina	Química	Técnicas de expresión gráfico-plástica	Tecnoloxía industrial II	Xeografía
Enxeñaría e Arquitectura	Arquitectura			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Arquitectura Naval			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Agraria			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Agrícola			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Civil			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría das Tecnoloxías Industriais			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría de Enerxía			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría de Obras Públicas			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría dos Recursos MINEIROS e Obras Subter.			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Eléctrica			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría en Organización Industrial			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría en Química Industrial			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Forestal			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Industrial de Procesos			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Marítima			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Médica			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Náutica e do Transporte Marítimo			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
	Enxeñaría Química			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01	
Enxeñaría Xeométrica e Topografía			01	01		01	01	01	01	02							02		01	01		01		
Tecnoloxía de Enerxía Civil			02	01		01	01	01	01	02							02		01	02		01		

Son precisamente estas materias as que mostran máis notoriamente unha orientación cara aos estudos de Enxeñerías e outras carreiras técnicas; tanto nos seus contidos como na metodoloxía de traballo. Por exemplo, as unidades didácticas de Tecnoloxía Industrial (electrónica dixital, electrotecnia, pneumática, hidráulica, circuitos, materiais, mecánica, termodinámica, motores térmicos e eléctricos, sistemas automáticos,...) convértense en materias nas titulacións de Grao, polo que é acertado cualificala de “preenxeñería”, o cal debería de xustificar sobradamente unha ponderación de 0'2 e non de 0'1.

Con todo, coa actual ponderación lévase a pensar aos alumnos na existencia de materias de 1ª e de 2ª categoría, sen contemplar en absoluto a vinculación real dos coñecementos que a través delas se adquiren, cos necesarios para cursar con éxito as distintas titulacións tecnolóxicas.

Non queremos dicir con iso que se deba relegar ningunha das “materias tecnolóxicas” a un segundo plano e que sería máis xusto tratar a todas por igual e que os alumnos as escollan en función dos coñecementos que lles aporten para estudos posteriores, e non en función do valor dun parámetro de ponderación.

Colócase a alumnos de Bacharelato que aspiran a estudos de Grao como Telecomunicacións, Telemática, Informática ou Audiovisuais, por citar algúns, no dilema de elixir entre matricularse nunha materia acorde aos seus intereses ou matricularse noutra, que non necesitan, pero que pondera máis na PAU.

**En resumé, nos Institutos impártense as materias de Tecnoloxía e Electrotecnia, específicas para preparar aos alumnos para o estudo**

das Enxeñerías(a parte de para ser cidadáns máis cultos). Os responsables de establecer as ponderacións de cada materia nas PAU están a cometer un erro ao propoñer o coeficiente mínimo para estas materias, 0.1. Non acertamos a imaxinar que estaría pasando se para estudar Medicina ou Ciencias do Mar lle deran unha ponderación de 0,2 á Tecnoloxía e 0,1 á Bioloxía.

Por todo o exposto, solicitamos de vostede que, amparándose no carácter transitorio e revisable desta ponderación, **lidere** ante a Comisión Interuniversitaria da Comunidade de Galicia unha proposta de modificación **da ponderación das materias de Tecnoloxía Industrial e Electrotecnia a coeficiente 0,2** para a PAU do ano 2012, publicándose dita modificación antes de terminar o mes de abril do presente ano, de forma que os nosos actuais alumnos de 4º da ESO que se van a matricular en Bacharelato en xuño poidan elixir materias única e exclusivamente en función dos seus intereses e da preparación que aporte e non en función da ponderación.

**Así mesmo, reclamamos a súa colaboración para chamar a atención sobre este desafortunado feito, instando aos responsables do Ministerio de Educación para que dean o peso que corresponda a estas materias para os estudos de Enxeñería e Arquitectura.**

Reciba un cordial e afectuoso saúdo.



Pedro Gerpe

Presidente de APETEGA